

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

MUSEO DO POBO GALEGO

Horario do museo

De martes a sábado:

10-14 horas. 16-20 horas

Domingos e festivos:

11-14 horas

LUNS PECHADO

Tarifas

Entrada ordinaria: 3 euros.

Entrada reducida: 1 euro (maiores de 65 anos e estudantes maiores de 18 anos).

Entrada gratuíta: socios, estudantes menores de 18 anos e traballadores en paro.

Contacto

r/ San Domingos de Bonaval,
15703 Santiago de Compostela.
tel. 981 583620
email: info@museodopobo.com



Entre as exposicións permanentes do Museo do Pobo Galego, podemos contemplar a do traxe tradicional galego.

O traxe tradicional pódese dividir en dous grandes grupos: de cotío ou faena e de garda ou gala, moito máis complicado e rico este có primeiro, tanto pola calidade dos tecidos como pola variedade das pezas e riqueza dos adobíos e complementos.

Dependendo da ocasión, a zona e as posibilidades económicas, a muller viste camisa, enaguas, refaixo, saia ou vasquiña, mantelo, mandil, xustillo e dengue ou chaquetilla, pano do busto, mantón ou pano de oito puntas, e cobre a cabeza con pano, cofia ou mantela. O home leva camisa, cirolas, calzón, chaleco, chaqueta, faixa, e tócase con pucho, monteira ou tella. O calzado é, en ambos os casos, zocos ou zocas para os días de cotío e zapatos co traxe de gala.

<http://www.museodopobo.es/expo-sala-traxe.php>



1 Marca cun X a opción correcta:

Os días de semana, o museo abre...

 pola mañá e pola tarde. só polas mañás.

Os domingos e festivos, o museo abre...

 pola mañá e pola tarde. só polas mañás.

O museo está pechado...

 os domingos. os luns.

A entrada normal custa...

 1 euro. 3 euros.

Os maiores de 65 anos pagan...

 máis. menos.

A entrada é gratuíta para os estudantes...

 maiores de 18 anos. menores de 18 anos.

A exposición do traxe tradicional é unha exposición...

 provisional. permanente.

2 Que dous tipos de traxe tradicional hai?

.....

Investiga un pouco máis. Busca no dicionario ou na Rede que peza do traxe é o *refaixo*.
Escríbeo e debúxao.

.....

